



Confederación Intersindical Galega  
ENSINO

# INFORMA

www.cig-ensino.gal

Novembro 2017

## “As administracións do PP demostran co seu desleixo que a educación ten prioridade cero na súa acción de goberno”

O portavoz da Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público e secretario nacional da CIG-Ensino, Suso Bermello, referiuse deste xeito á parálise de todo o relacionado coa LOMCE que permanece inalterábel e que está a aplicarse en Madrid e en Galiza sen que, cando menos, se debata a súa derogación ou a súa paralización de facto. Por este motivo e pola defensa dunha Lei Galega de Educación, a Plataforma Galega apoia a convocatoria de folga xeral estudantil no ensino secundario e nas Universidades galegas prevista para o vindeiro 16 de novembro.



Nunha convocatoria de prensa, **Suso Bermello**, lembrou a parálise que se vive a nivel estatal desde o inicio da lexislatura. “O goberno do PP está aproveitando a conxuntura para implantar a LOMCE de facto e conta cunha oposición en Madrid que incumpre os seus compromisos e non é quen de impedir que a modificación da lei permaneza atascada nunha subcomisión do Congreso da que nada se sabe e que non é máis que un paripé para dar a entender que existe un debate arredor da súa implantación”, explica Bermello.

Así pois, “con este desleixo absoluto”, engade o portavoz da Plataforma Galega, “o goberno do PP non fai máis que demostrar que a educación ten prioridade cero nos seus plans e que pretende ir implantando esta lei coa mesma unilateralidade e autoritarismo que caracterizou toda a tramitación da LOMCE”. No mesmo sentido pronunciouse a voceira de Erguer, **Iria Figueroa** ao lembrar que “tras a suspensión das reválidas o pasado curso, após seren amplamente contestadas pola comunidade educativa, neste ano escolar a LOMCE pasa sen

pena nin gloria, esquecida no debate político. Unha vez eliminado o aspecto da lei que xerou máis escándalo, esta parece agora inofensiva, cando é evidente que o problema da LOMCE é de fondo: de modelo e de proxecto. É por isto que é necesario plantarlle cara e exixir de novo a súa derogación para que non caia no esquecemento público que interesadamente está a buscar o Ministerio”. Pero a convocatoria de folga vai máis aló de estar centrada só na LOMCE ou no Decreto do 3+2 nas Universidades. Os sucesivos recortes e o desprezo cara a

toda a comunidade educativa que viñeron realizando os gobernos da Xunta e de Madrid no ensino galego nos últimos anos tamén están enriba da mesa como causas deste paro estudantil. A redución das bolsas e das axudas ao estudo, a masificación das aulas, a ausencia de profesorado especialista nalgunhas materias ou a non oferta doutras por falta de efectivos (por causa de todo o que ten que ver coas afíns e coa non convocatoria de amplas ofertas de emprego que cubriran cando menos as xubilacións), a alta taxa de interinidade na docencia que leva a que non existan planteis estábeis nos centros que permitan a posta en marcha de plans de mellora da calidade do ensino, os recortes en todo o relacionado coa atención á diversidade e aos programas de reforzo educativo, as carencias nalgunhas infraestruturas e no equipamento dos centros, o peche de unidades e de ciclos, o aumento dos servizos de pagamento tanto no ensino universitario como no medio, o endurecemento do acceso á Universidade ou ao ensino superior para as persoas con menos recursos promovendo unha educación elitista... son outras das realidades ás que se enfrenta cada día o estudantado galego.

### Pola defensa dunha Lei Galega de Educación

A folga servirá tamén para defender un marco legal propio a nivel galego en forma de Lei Galega de Educación. A voceira de Erguer explicou que a comezos de curso fixeron asembleas abertas en 70

centros públicos galegos para artellar propostas que se puideran incluír nesta norma e que o pasado 16 de outubro celebraron un referendo, obtendo un 94% de apoio a ditas propostas. Alén de presentarlle estes resultados á Consellaría para que rectifique as súas políticas, Iria Figueroa aproveitou tamén para pedirlle ao goberno da Xunta “que aposte por un modelo educativo radicalmente distinto, verdadeiramente pedagóxico e baseado na formación práctica e na avaliación continua, no canto de fundamentarse en probas puntuais que marcan por completo o noso futuro académico”. A situación da impartición de aulas no noso idioma tamén ten un papel central no deseño dunha Lei propia, co urxente impulso da normalización do idioma, tras anos relegado a un segundo plano

primeiro co Decreto de Plurilingüismo e despois coa propia LOMCE. “Faise necesario un aumento das horas lectivas impartidas en galego e comezarmos a incluír nos currículos das distintas materias todos aqueles aspectos da nosa historia e cultura propias que son relegados ao esquecemento pola uniformización do que estudamos cos contidos do resto do Estado español”, engade Figueroa. Por último fixo un chamamento a participar nesta convocatoria de folga estudantil “co obxectivo de lembrarlle ao PP que as súas políticas teñen enfronte a todo o estudantado galego”. Ao tempo, desde a PGDEP animase ao profesorado e ás nais e pais e facilitar a participación en todas as mobilizacións previstas para a xornada de folga en todo o país.

### MANIFESTACIÓNS ÁS 12

**Ferrol.** Edificio da Xunta.  
**A Coruña.** Praza de Vigo.  
**Santiago de Compostela.** Alameda.  
**Melide.** IES de Melide.  
**Pontevedra.** Praza da Peregrina.  
**Vigo.** Praza América  
**Ourense.** Subdelegación Goberno.  
**Lugo.** Praza do Seminario

### CONCENTRACIÓNS ÁS 12

**Lalín.** Praza da Igrexa.  
**Vilagarcía.** Praza de Galiza  
**Cangas.** Praza do Concello.  
**Moaña.** Praza do Concello.

## Os nosos locais

### Santiago (Local Nacional)

Rua Miguel Ferro Caaveiro nº 10.  
 Santiago de Compostela. cp.15706.  
 Tlf. 981576800 Fax. 981575839  
 santiago@cig-ensino.gal

### A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n  
 Tlf. 981169810 Fax. 981291735  
 15007. A Coruña  
 acorunha@cig-ensino.gal

### Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo  
 36780. A Guarda  
 Tlf. 986610465 Fax. 986610465  
 baixominho@cig-ensino.gal

### Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1  
 36947. Cangas  
 Tlf. 986302987 Fax. 986302987  
 morrazo@cig-ensino.gal

### Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,  
 15403. Ferrol  
 Tlf. 981358750 Fax. 981358760  
 ferrol@cig-ensino.gal

### Lugo

Rda de Muralla 58, bxo.  
 27003. Lugo  
 Tlf. 982245023 Fax. 982253891  
 e-mail: lugo@cig-ensino.gal

### Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º  
 32003. Ourense  
 Tlf. 988238350 Fax. 988222855  
 ourense@cig-ensino.gal

### Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.  
 36002. Pontevedra  
 Tlf. 986861513 Fax. 986855050  
 pontevedra@cig-ensino.gal

### A Mariña

27700. Ribadeo  
 Avda de Galicia 20, 1º  
 Tlf. 982129593 Fax. 982129593  
 amarinha@cig-ensino.gal

### Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º  
 32600. Verín  
 Tlf. 988412345 Fax. 988411013  
 verin@cig-ensino.gal

### Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.  
 36205. Vigo  
 Tlf. 986827935 Fax. 986262844  
 vigo@cig-ensino.gal

### Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º  
 36600. Vilagarcía  
 Tlf. 986505323 Fax. 986505323  
 salnes@cig-ensino.gal